

# Rexurdimento musical en Galicia

María Nieto Gudín  
2ºBach-B

Durante a primeira parte do século XIX, en Galicia, verase o declive das capelas musicais. Establécense as primeiras compañías de ópera italiana en Galicia. A burguesía vai ter interese en ter formación musical, o que fai que xurdan as primeiras iniciativas filarmónicas e sociedades, como:

- Liceo de Santiago
- Liceo de Ourense
- Círculo de Artesanos de A Coruña.

As primeiras compañías italianas levarán á construción dos primeiros teatros á italiana en diversas cidades de Galicia (A Coruña, Lugo, Ferrol, Pontevedra, Santiago e Vigo), grazas ao patrocínio, principais familias burguesas da época.

Durante o período 1861-1916 obsérvase unha aposta pola apertura e defensa do autóctono. Nesta época reafírmanse e ábrense novos horizontes para a música galega.

A vida musical das principais cidades crece, consecuencia do protagonismo crecente da burguesía.

Esta é a mellor etapa de orfeóns e bandas, que se espallan por toda a xeografía galega. Igual que sucede no resto da península, os cafés concerto viven o seu período dourado e contribuirán á divulgación da música académica.


# As melodías galegas

- Desde a década de 1850, grazas á labor de Marcial del Adalid, comézase a xestar un xénero propio que será fundamental para a música galega.
- **Marcial del Adalid (1826-1881):**
- Era un músico que proviña dunha familia acomodada, pudo estudar no estranxeiro. Nos anos 50, comezou a traballar intensamente nas cancións francesas (Mélodie) sobre poemas de Lamartine.
- Na década de 1870 presentou a súa fundamental obra *Cantares nuevos y viejos de Galicia*. Nestes libros compuxo a música, a súa muller asinaba como Fanny Garrido a letra dos poemas.
- Utilizaron distintos idiomas (alemán, castelán, francés, italiano, latín e galego) e neles conséguese un estilo propio. Neles reutilízanse materiais propios de cancións precedentes de Adalid pero tamén o folklore galego, establecendo unha distinción entre o que denomina “cantares viejos”, cancións de orixe tradicional tanto no texto como na melodía, pero sempre reelaborados.
- “cantares nuevos”, algúns de carácter popular e outros con música de creación propia. Os textos son de formas literarias sinxelas e elevan ao galego á categoría de lingua literaria.
- Outros autores da melodía galega son:
  - José Baldomir.
  - Canuto Berea.
  - Pilar Castillo.
  - Juan Montes.

# Marcial del Adalid



*Cantares nuevos y viejos de Galicia*



<https://www.youtube.com/watch?v=z5wIF6sv82A>

# OUTROS AUTORES

José Baldomir




Canuto Barea

Pilar Castillo  
José Castro



Juan Montes



# Juan Montes (1840-1899)



Tomará textos dos representantes do Rexurdimento galego, nos que suma outros que tiveron un papel destacado no Rexionalismo do século XIX.

Entre as súas pezas destacan Seis Baladas Galegas, dentro desta obra sobresale “Negra Sombra” e “Doce Sono” de Rosalía, así como “Unha noite na eira do trigo” sobre un poema de Curros.

En liñas xerais a temática destas cancións será a propia da literatura galega do período:

- As romarías
- A natureza,
- Traballo do campo,
- Traballo do mar
- A emigración.

Reflicten un grao de interiorización sobre o mundo galego. A editorial da familia Berea foi chave no espallamento das cancións galegas. Esta será a etapa dourada das melodías galegas, salvando á Idade Media, non houbo un período máis fructífero para a canción, cun contacto pleno coa cultura popular. A canción galega é un dos tesouros máis ricos do patrimonio cultural de Galicia, que se reflicte a súa personalidade, a morriña, a saudade ou a resignación nas súas melodías, textos e acompañamentos.



# A zarzuela galega

A zarzuela galega terá máis presenza fóra de Galicia que dentro.

Foi importante principalmente nas cidades onde había máis presenza da emigración: Madrid, Montevideo, Bos Aires, A Habana, etc.

- Pódense dividir en:
- **Zarzuelas con texto en castelán de temática galega:**
- *La vuelta de Farruco*, con música de Francisco Hermida e texto de Ricardo Caruncho e Manuel Iturrigaray.

- **Zarzuelas realizadas por autores galegos, con texto en galego e representadas en Galicia:**
- son moi poucas, pola baixa concepción do idioma galego na nosa comunidade.
- **Zarzuelas realizadas por galegos, con textos e temáticas galega e representadas na península:**
- relacionadas con autores emigrados, destaca Carmeliña (1906), de Julio Cristóbal ou Santos e meigas (1908) de José Baldomir e Maniel Linares Rivas.
- **Zarzuelas de autores galegos, textos e temática galega, representadas em América:**
- as mellor recibidas e eloxiadas, como O zoqueiro de Vilaboa (1907), representada en A Habana e composta por Alfredo “Nan de Allariz”.

A partires de 1916, coa fundación de As Irmandades da Fala, crearase un ideario sobre o papel da lingua galega e o seu uso no teatro e demais representacións escénicas.

# A música instrumental

Responde a unha demanda social moi ligada ao consumo, polo que o piano será o instrumento de referencia, tanto para un público afeccionado, como para os músicos profesionais. Marcial del Adalid comporá pezas para piano solo, moi influido polo Romanticismo de Chopin e máis adiante creando un idioma propio.

Entre as súas pezas destacan a *Sonata fantástica* ou a *Marcha triunfal "Galicia"*.

Juan Montes realizará danzas variadas, entre as que destacan as pezas para varios intérpretes como *Danza a seis mans* ou *Habanera a seis mans*.

Canuto Berea tamén comporá danzas de salón típicas do repertorio da época: *El beso de amor*, a *habanera La felicitación* ou ben a *muiñeira* composta orixinalmente para orquestra *La Alfonsina*.

Un dos fenómenos máis interesantes na Galicia do século XIX serán as bandas, as cales adaptaranse pezas coñecidas do repertorio, así como música de nova creación.

# Cambio de século. Principais compositores

Cambio ao século XX ,hai que seguir incidindo na importancia que tiveron as bandas e os coros galegos no espallamento da cultura musical en Galicia.

Os seguintes compositores e músicos, de nacional:

A (1874-1959):  
iroga



L):



José Fernández Vide (1893-1981): Jesús Bal y  
Gá ( ):

